

EDITORIAL

A dirección da revista vén adquirindo unha complexidade e intereses temáticos que non son abordables por unha soa persoa. Tamén as necesidades de apertura e mundialización das relacións reclaman unha dirección colexiada e plural.

Quixemos tamén sermos máis correctos cos nosos colaboradores e colaboradoras, organizar formalmente a recepción e tratamiento dos artigos, así como valoralos e discutilos máis concienzudamente.

A posta en marcha do procedemento de referees sobre os artigos enviados á revista está resultando bastante máis dificultoso do que esperabamos, pero pensamos que debemos insistir en organizalo ben, xa que temos tres esixencias para iso: a) a necesidade de orientar ós nosos colaboradores e colaboradoras mediante xuízos externos comprometidos e en profundidade; b) a necesidade de elevar o contido da revista e en certo sentido de fomentar o debate; c) a necesidade formal dunha revista coeditada pola Universidade de Vigo.

Por isto, na xuntanza da mesa de redacción do 15 de decembro acordouse:

En primeiro lugar, a formación dun comité de dirección de responsabilidade compartida formado por:

Ana Rosa Lorenzo Vila
Antxon Mendizabal Etxabe
Iago Santos Castroviejo

En segundo lugar, incorporarmos un procedemento formal de recepción de artigos que consistirá en:

1.º Á recepción do artigo comunicáráselle ó autor a recepción e prazo de resposta da primeira lectura e aceptación.

2.º Será responsabilidade da dirección facer unha primeira lectura e decidir dúas persoas apropiadas, próximas á redacción, para que fagan unha lectura e un sumario informe orientativo e crítico, que se remitirá ó autor, quen pode se valer destes informes anónimos para a recomposición do artigo.

En terceiro lugar, a mesa de redacción asumirá a tarefa de definir a liña editorial. Isto farase da seguinte forma:

- 1.º Convocatoria da mesa, dúas veces ó ano.
- 2.º Intercambio de información relativa ó tratamiento dos temas e das persoas, colectivos e procesos que involucra.

* * *

Os criterios establecidos pola dirección colexiada / mesa de redacción á hora de resolver prioridades na valoración dun artigo son:

1. Interese social do artigo.
2. Importancia da mensaxe do artigo para a mayoría dos lectores da revista.
3. Novidade da mensaxe do artigo.
4. Validez científica da evidencia na que se basean as conclusíons do artigo.
5. Utilidade do artigo para a revista na súa política de cubrir un perfil de temas más ou menos amplio.

Con estes acordos da mesa de redacción pretendemos avantar na corrección no trato, na definición de funcións e procedementos e mais na utilidade e claridade cos nosos colaboradores e colaboradoras.